



2017

OG
autismoGALICIA



FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

MEMORIA DE ACTIVIDADES



Carta da Presidenta M^a JOSÉ ÁLVAREZ FOLGAR

**Di un proverbio africano que:
"SE QUERES IR RÁPIDO CAMIÑA SÓ,
SE QUERES CHEGAR LONXE,
VE ACOMPAÑADO"**



Ao longo dos vinte e dous anos da nosa existencia fomos crescendo, sumando cada vez máis entidades coas que construír a Federación de Autismo Galicia.

A nosa aspiración é chegar tan lonxe como os nosos fillos, fillas e os seus familiares necesiten en todo o traxecto da súa experiencia vital. Por este motivo estamos nun estado permanente de construción de obxectivos, cos que obter unha maior calidade de vida, de servizos, de atención directa e de formación.

As nosas circunstancias comúns, as de todas as familias que forman as asociacións, que á súa vez conforman esta entidade, achéganos o coñecemento de primeira man, creando con iso unha sinerxia enriquecedora que nos avala de maneira identitaria sobre o Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

Toda esta bagaxe, súmase ás altas doses de compromiso, responsabilidade e amor que nos caracteriza, ofrecendo un sistema de atención permanente, que resultan imprescindibles para o bo desenvolvemento e calidade de todos eles.

O número de logros é proporcional á implicación do armazón social e da colaboración directa coa administración pública, ambas fundamentais, para garantir o bo funcionamento e sustentabilidade de todos os servizos que ofrecemos de maneira permanente. Grazas a elas, as nosas accións no ámbito laboral, sanitario, educativo e de lecer, lograron un impacto directo do que todos saímos beneficiados.

Este impacto en rede, supuxo unha repercusión altamente positiva, xerando melloras en todos os grupos sociais. Así por exemplo, a nosa acción de mellora da humanización no entorno sanitario, que este ano foi implantado tanto en centros hospitalarios como en centros de saúde, logrou unha mellora cuantitativa na comprensión dos requisitos para as diferentes experiencias sanitarias, tanto para as persoas con TEA como para os propios traballadores e tamén para os múltiples usuarios destes centros con dificultades da comprensión da linguaxe falada ou escrita.

Tamén como presidenta da Federación, quero facer especial mención aos nosos profesionais, que ocupan o oitenta por cento da nosa fortaleza e sen cuxa labor, todo o arriba mencionado non sería posible. Todos eles, xunto aos membros de todas as nosas entidades, imos chegando cada día máis lonxe, construíndo así, un mundo máis equitativo e de maior inclusión.

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org



INDICE

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA	
Quen somos.	Pax. 4
MEMORIA DE ACTIVIDADES	
I. ÁREA DE XERENCIA	
Programa de Representación Institucional e Incidencia Política.	Pax. 19
II. ÁREA DE COMUNICACIÓN	
Programa de Sensibilización Social.	Pax. 28
Día do Autismo.	Pax. 30
Día da Discapacidade.	Pax. 31
Programa de información e difusión.	Pax. 34
Programa de Publicacións.	Pax. 35
III. ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO	
Servizo de información a entidades.	Pax. 38
Programa de formación.	Pax. 39
IV. ÁREA DE PROGRAMAS	
ÁREA 1. Atención Socio-Familiar	
Programa de información e orientación a familias.	Pax. 44
Servizo de información e asesoramento.	
Programa de ocio e respiro familiar.	Pax. 45
Programa de inclusión social para persoas con TEA.	Pax. 46
ÁREA 2. Saúde	
Programa de mellora da atención sanitaria ao paciente con TEA.	Pax. 48
Programa de transferencia do coñecemento.	Pax. 50
ÁREA 3. Educación	
Programa de mellora da atención ao alumnado con TEA.	Pax. 54
Programa de accesibilidade na contorna educativa.	Pax. 56
ÁREA 4. Emprego	
Servizo de información e promoción do emprego.	Pax. 57
Programa de Formación Prelaboral.	Pax. 59
V. FINANCIAMENTO	Pax. 60

QUEN SOMOS



FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Autismo Galicia nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, titores e profesionais, protectoras de persoas con trastorno do espectro do autismo da **Comunidade Autónoma de Galicia**. É unha entidade privada, sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de inscrición E-0948, declarada de utilidade pública por resolución do 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Autismo Galicia apóiase en financiadores públicos e privados e axusta o control destes fondos ao disposto na Lei de Mecenado (49/2002). As contas da Federación Autismo Galicia publícanse anualmente, son sometidas a auditoría externa e están dispoñibles para a súa consulta en www.autismogalicia.org.

MISIÓN

Mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA en diante) e das súas familias, sendo destinatarias dos servizos da Federación as entidades galegas que desenvolven o seu labor coas persoas con TEA e coas súas familias e que son membro da Federación.


A Federación Autismo Galicia é unha organización sostible social e economicamente que garante aos seus destinatarios unha carteira integral de servizos especializados e cohesionada en torno a un modelo de calidade de vida e unha xestión asentada en valores compartidos.

- Impulsa a participación das persoas na organización como un eixo vertebrador para o desenvolvemento da súa visión e favorece a competencia no desempeño dos seus profesionais.
- É un membro activo do terceiro sector que difunde a inclusión e o benestar social dos seus destinatarios e promove o voluntariado.
- Autismo Galicia basea a súa actuación nos principios de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e democracia interna.
- Consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Máxima calidade nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.
- Colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

FINS

- Servir de nexo de unión entre as distintas entidades e organizacións membro.
- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con autismo.
- Coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros organismos e federacións estatais ou internacionais que redunden en beneficio das entidades e organizacións membro.
- Promover a integración social e a normalización das persoas con autismo.
- Fomentar actitudes sociais positivas cara ás persoas con autismo.
- Crear as condicións para que as asociacións membro poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias.
- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
- Ofrecer ás entidades membro servizos de asesoramento e desenvolver programas de formación para técnicos e familias.

ORGANIZACIÓN FUNCIONAL DA ENTIDADE



ÓRGANOS DE GOBERNO

Asumen a responsabilidade e velan polo cumprimento dos fins establecidos.

ASEMBLEA XERAL: é o máximo órgano de goberno da Federación e está formada por representantes das entidades membro.

XUNTA DIRECTIVA: é a quen corresponden as funcións de administración e de goberno da Federación.

Presidenta: *M^a José Álvarez Folgar*

Vicepresidente e tesoureiro: *Cipriano Luís Jiménez Casas*

Secretario: *José Manuel Varela Rodríguez*

CONSELLO ASESOR: de apoio ao desenvolvemento das funcións da Xunta Directiva:

Manuel Ojea Rúa

Francisco Javier López González

ÓRGANOS EXECUTIVOS

Presidencia: Encárgase da representación da entidade a todos os niveis.

Dirección e Xerencia: Responsable, Patricia Blanco Riveiro encárgase da dirección e xestión executiva da entidade, da planificación estratéxica e dirección de procesos, relacións institucionais, relación cos órganos de goberno e captación de fondos.

ÓRGANOS OPERATIVOS

Departamento de Administración: Responsable Teresa García Barcala.

XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA: Responsabilízase dos procesos encamiñados á planificación e xestión económica – financeira da entidade, tesourería, bancos, pagos, cobros e provedores.

TRAMITACIÓN e CONTROL DE CONVENIOS, SUBVENCIÓNS E AXUDAS: É responsable dos procesos para a tramitación de axudas públicas e privadas en coordinación cos responsables técnicos de proxectos: elaboración de orzamentos e xustificacións económicas.

RELACIÓNS COAS ASOCIACIÓNS: Encárgase da coordinación coas Asociacións para a defensa dos dereitos do colectivo, servizos compartidos, lexislación e fluxo informativo.

Departamento de Recursos Humanos: Responsable Ángela Goiricelaya Seco.

Departamento de Comunicación: Responsable Rosa María Rodríguez García

COMUNICACIÓN EXTERNA E MARKETING: promove a presenza da entidade nos medios de comunicación, redes sociais, foros e eventos, así como transmitir información continua a todos os actores sociais. Ademais promove a marca en apoio aos programas de captación de fondos e responsabilidade social corporativa.

PUBLICACIÓNS: promove e desenvolve en coordinación e colaboración co resto de áreas operativas publicacións específicas e especializadas que actúen como canle de transmisión e transferencia de coñecemento.

DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN: promove e desenvolve campañas para o coñecemento do TEA e outros Trastornos da Comunicación Social (en adiante TCS).

COMUNICACIÓN INTERNA: desenvolve accións que permitan a comunicación entre ás entidades federadas, persoas con TEA e familias, a través de distintas canles, promovendo a creación de cohesión social.

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO:

ASESORAMENTO A ENTIDADES FEDERADAS: ofrece asesoramento, orientación e formación especializada ás entidades federadas sobre novas e proxectos lexislativos, convocatorias, subvencións (públicas e privadas) e asesoría técnica e xurídica.

FORMACIÓN: dos grupos de interese da Federación, directos e indirectos: persoas con TEA, familias, profesionais, voluntarios, mestres, sanitarios, monitores e cuidadores; desempregados e outras iniciativas formativas que favorezan o coñecemento especializado dos TEA.

ÁREA DE PROGRAMAS: Responsable Cristina Couto Pena

Área de Emprego

Promove e desenvolve programas específicos e especializados de inclusión laboral das persoas con TEA, a través de accións destinadas tanto aos propios usuarios coma ás empresas e demais actores do eixe laboral: formación, orientación, prospección e ferramentas multimedia.

Área de atención socio-familiar

ATENCIÓN A PERSOAS CON TEA: promove e desenvolve programas directos, específicos e especializados para persoas con TEA: ocio, inclusión social e educación. Así mesmo, colabora e promove a relación cos actores sociais necesarios para o desenvolvemento de accións inclusivas e de transferencia de coñecemento, promovendo colaboracións en estudos, publicacións, etc.

ATENCIÓN A FAMILIAS: promove e desenvolve programas específicos e especializados para familias de persoas con TEA: respiro familiar, conciliación da vida laboral e familia, orientación e derivación.

ACCESIBILIDADE: promove e desenvolve proxectos de accesibilidade cognitiva no entorno para a supresión de barreiras e promoción da autonomía e a independencia das persoas con TEA e outros TCS.

VOLUNTARIADO: promove a implementación, en coordinación co resto de áreas, de programas de promoción do voluntariado co colectivo e proxectos da entidade.

Área de Saúde

Promove a implementación, de programas e accións de mellora da atención sanitaria a pacientes con TEA, a xeración de materiais informativos relativos á saúde e autismo.

ENTIDADES FEDERADAS



PROVINCIA DA CORUÑA

Asociación ASPANAES CIF G15048937, Rpte legal, María José Álvarez Folgar

Fundación Autismo Coruña CIF G15681919, Rpte. legal Eduardo Riestra Rodríguez-Losada.

Asociación Asperga CIF G70043435 Rpte. legal M^a Soledad García Peralta

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Asociación APA MENELA CIF G36630614, Rte legal, M^a Mercedes González González

Asociación APA CASTRO NAVÁS. CIF G36774753, Rpte legal, Eloy Alonso Misa

Asociación APA MECOS. CIF G 36024941, Rpte legal, Rocío Enjo.

Asociación APACAF. CIF G 36792463, Rpte legal, M^a José Ferradáns Villar.

Asociación Autismo Vigo. CIF G 36849883, Rpte legal, Esperanza Domínguez Bautista

Fundación Menela. CIF G 36685964, Rpte legal, Pedro Fernández Fuentes.

Fundación Tutelar Camiño do Miño. CIF G 36992386, Rpte legal M^a Isabel González Quiroga.

Asociación de pais, familiares e amigos de persoas con TEA do Baixo Miño Un Mais, CIF G94046380, Rpte legal Montserrat Mon Romero

PROVINCIA DE LUGO

Asociación Capaces lugo: CIF G27450147, Rpte. legal,, Maria Mosquera Carbón

PROVINCIA DE OURENSE

Asociación de Familias de Persoas con Trastornos da Comunicación Social de Ourense. Trascos. CIF G32444119, Rpte. legal, Manuel Ojea Rúa.

OS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA)

DEFINICIÓN

O autismo é un trastorno de neurodesenvolvemento, de orixe neurobiolóxica, que se adoita identificar durante os dous primeiros anos de vida da persoa que o presenta. Caracterízase por alteracións na interacción social, na comunicación verbal e non verbal e a presenza de patróns restrictivos e repetitivos de conduta.

Forma parte dos trastornos do espectro do autismo (TEA), un conxunto de trastornos complexos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, especialmente nos aspectos relacionados co procesamento da información que provén dos estímulos sociais.

Falamos dun espectro de trastornos pola grande heteroxeneidade dos síntomas, graos de afectación e necesidades das persoas que os presentan. O DSM-5 substituíu catro destes subtipos (trastorno autista, síndrome de Asperger, trastorno desintegrativo infantil e TGD non especificado) pola categoría xeral “trastornos do espectro autista” (TEA), especificando tres niveles de gravidade nos síntomas, así como o nivel de apoio necesario.

CAUSAS

Na actualidade non é posible determinar unha causa única que provoque a aparición dos TEA, pero si a forte implicación xenética na súa orixe. A gran variabilidade presente neste tipo de trastornos apunta tamén á relevancia que pode ter a interacción entre os distintos xenos e diferentes factores ambientais no desenvolvemento dos TEA. Mais, polo momento, estes elementos non están claramente identificados e aínda é necesaria moita investigación ao respecto.

CARACTERÍSTICAS E ESPECIFICIDADE

Actualmente non existe un único marcador biolóxico recoñecido que permita o diagnóstico dos TEA. Este realízase en base a diferentes indicadores no desenvolvemento da persoa que apuntan a unha alteración no mesmo, así como a unha avaliación específica da súa conduta.

As manifestacións clínicas dos TEA poden variar enormemente entre as persoas que os presentan, así como as súas habilidades intelectuais, dende a discapacidade intelectual a capacidades intelectuais situadas no rango medio ou superiores ao mesmo.

**OS TRASTORNOS
DO ESPECTRO
DO AUTISMO (TEA)**

INTERVENCIÓN E TRATAMENTO

Polo momento non existe ningunha cura para os TEA. Sen embargo, existen factores que van influír de maneira significativa no desenvolvemento da persoa que os presenta e na súa calidade de vida. É fundamental que o diagnóstico se realice de maneira precoz e que o neno ou nena reciba unha axeitada intervención temperá. Tamén é fundamental que os recursos educativos e comunitarios sexan os axeitados ás súas necesidades individuais e que dispoña dunha rede de apoio que facilite a súa participación social.

Ademais, é imprescindible sinalar que a persoa con TEA segue desenvolvéndose e aprendendo ao longo de toda a súa vida. As características que definen os TEA non desaparecen ao chegar á vida adulta, aínda que as necesidades si van cambiando co tempo.

Así, a calidade de vida da persoa e a da súa familia van estar influídas polas posibilidades de acceder ás intervencións e apoios axeitados, que se adapten ás súas necesidades individuais e que maximicen as súas oportunidades de aprendizaxe, de inclusión social e de desenvolvemento persoal, mantendo todos estes elementos ao longo da vida.

PREVALEZA E INTERVENCIÓN DE PERSOAS CON TEA

Nos últimos anos conséntase un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados de TEA. É posible que este incremento se deba a unha maior precisión dos procedementos e instrumentos de diagnóstico, á mellora no coñecemento e formación dos profesionais, ou mesmo a un aumento real da incidencia deste tipo de trastornos.

Estudos consensuados noutros países establecen a prevalenza de 25 persoas con TEA por cada 10.000 cidadáns adultos e 1 caso de TEA por cada 100 nenos en idades escolares. Neles confírmase tamén que son máis frecuentes nos homes que nas mulleres (en proporción de 4:1) e que non existen diferenzas en canto á súa aparición nas distintas culturas ou clases sociais.

No caso de España, os estudos son escasos e limitados ao non existir unha rede de investigación consolidada e sostible a pesar de considerarse unha área fundamental para o avance no coñecemento dos TEA. Esta carencia provoca a falta de datos estatísticos fiables para planificar os servizos. Os últimos proxectos acometidos neste sentido e que están sendo implementados son o Rexistro RETEA do Instituto de Saúde Carlos III e o proxecto de Autismo España: "sistema de información e estatístico sobre os TEA en España".

Se partimos da estimación de poboación na Comunidade Autónoma e aplicamos a taxa de prevalenza dos TEA internacionalmente aceptada, 1 de cada 150 persoas no rango de idade de 0 a 9 anos, os datos estimativos serían:

OS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA)



A Federación Autismo Galicia realizou no ano 2012 un estudo preliminar sobre a prevalenza dos TEA en Galicia. Este estudo naceu coa intención de achegarnos ao número aproximado de persoas que, na nosa comunidade, teñen un diagnóstico de trastorno do espectro do autismo, coñecer a súa distribución xeográfica e aproximarnos ás necesidades de atención que precisan en función dos servizos que dispoñen, así como paliar a falta de información sobre a prevalenza real dos TEA e a súa incidencia na poboación galega, **datos que son fundamentais de cara a detectar, canto antes, os/as nenos/as que poidan estar afectados na procura dunha intervención precoz.**

A intervención da que falamos, é fundamental para o desenvolvemento da persoa con TEA, así como para a mellora da calidade de vida das familias. **Esta intervención requirirá recursos específicos e especializados** que deben ter en conta as características fenotípicas da persoa coa que se vai desenvolver, e que deben ter como obxectivo fomentar ao máximo ás súas capacidades.

A ATENCIÓN DE AUTISMO GALICIA AOS TEA EN CIFRAS

BASE SOCIAL: SOCIOS/AS E VOLUNTARIOS/AS	
Nº SOCIOS/AS DE NÚMERO	788
Nº SOCIOS/AS COLABORADORES	145
Nº SOCIOS/AS HONORARIOS	4
TOTAL PERSOAS ASOCIADAS	937
TOTAL PERSOAS VOLUNTARIAS	87

A Federación Autismo Galicia conta con trece asociacións que representan a unha base social de 937 persoas asociadas.

A ATENCIÓN DE AUTISMO GALICIA AOS TEA EN CIFRAS

RECURSOS HUMÁNS		
Persoal dirección e xestión	16	0
Persoal atención psicosocial	36	8
Persoal escolares	72	0
Persoal atención á saúde	103	0
Outros	86	2
TOTAL TRABALLADORES/AS	313	10

323 traballadores/as desenvolven os servizos profesionais para a atención aos TEA, dos cales 313 están contratados directamente polas entidades.

A gran maioría dos profesionais correspóndense coas labores de atención directa nas áreas de intervención psico-social e atención á saúde.

	TOTAL	MULLERES	HOMES
Nº TOTAL DE PERSOAS CON TEA ATENDIDAS	1332	278	1050

SERVIZOS E PROGRAMAS

SERVIZOS DE VALORACIÓN E DIAGNÓSTICO				
ANO	MULLERES	HOMES	TOTAL INFORMES	LISTA DE AGARDA
2015	14	121	135	
2016	25	124	149	
2017	26	141	167	28
SERVIZOS EDUCATIVOS CONCERTADOS				
Nº UNIDADES EDUCATIVAS	MULLERES	HOMES	TOTAL	
30	32	114	146	

SERVIZOS INSCRITOS OU ACREDITADOS NA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SERVIZO	MULLERES	HOMES	TOTAL
Información, orientación	-	-	175
Atención temperá	30	166	196
Respiro Familiar	10	21	31
Deseño de estratexias educativas	4	46	50
S. de formación prelaboral	-	11	11
Servizo de transporte adaptado	2	7	9
S. atención diúrna terapéutica	24	48	72
S. atención residencial	37	95	132
TOTAL	107	394	676

OUTROS PROGRAMAS E SERVIZOS PARA FAMILIAS E PERSOAS CON TEA

SERVIZO	MULLERES	HOMES	TOTAL
Servizo de ocio	70	196	266
Servizos a familias	254	445	699
Orientación xurídica	7	17	24
Actividades formativas	679	229	908
Servizo de valoración	22	111	133
Servizo tutelar		3	3
Programas de inserción laboral	1	5	6
Programas de habilidades sociais	38	107	145

OUTROS PROGRAMAS E SERVIZOS PARA FAMILIAS E PERSOAS CON TEA

Os servizos e programas desenvoltos por Autismo Galicia e as súas entidades membro abranguen recursos e intervencións a fin de dar resposta ás necesidades das persoas con TEA ao longo das distintas etapas do ciclo vital e baseándose no Modelo de Calidade de Vida.

Así, dende os servizos de valoración e diagnóstico, dáse continuidade á intervención dende o Servizo de atención temperá ata os seis anos de idade atendendo durante o ano 2017 a 196 nenos e nenas.

A ATENCIÓN AS FAMILIAS:


Durante o ano 2017, realizáronse servizos de asesoramento, información e acompañamento que estimamos ten un impacto directo sobre 5.541 persoas que conviven cunha persoa con TEA.

A FORMACIÓN DE FAMILIAS E PROFESIONAIS:

Desenvolvéronse distintas accións formativas específicas sobre autismo dirixidas tanto a familiares como a profesionais externos que desenvolven a súa labor con persoas con TEA, especialmente mestres/as, psicólogos/as, terapeutas e coidadores/as cun total de 908 persoas formadas durante o ano 2017


RESUMO E COMPARATIVA ANUAL

PERSOAS CON TEA ATENDIDAS:




ANUALIDADE	PERSOAS CON TEA	INCREMENTO ANUAL
2015	972	10%
2016	1.179	21%
2017	1.332	24%

PERSOAS CON TEA ATENDIDAS EN FUNCIÓN DO SEXO



RECURSOS HUMÁNS



BENEFICIARIOS INDIRECTOS

PROFESIONAIS, ESTUDANTES E FAMILIAS NON ASOCIADAS A ENTIDADES FEDERADAS ATENDIDOS SEGUNDO REXISTRO NA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA NO ANO 2017

- Do sector (Federación e entidades federadas): 410
- Sanitarios: 50
- Educadores: 32
- Estudantes diversas disciplinas: 24
- Traballadores sociais: 9
- Profesionais non federados participantes en programas de formación: 212
- Familias atendidas non asociadas a entidades federadas: 129

TOTAL: 876 PERSOAS DE DIVERSOS ÁMBITOS

ÁREA DE XERENCIA





PROGRAMA DE INCIDENCIA POLÍTICA E REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

A Federación Autismo Galicia, como entidade, está presente nos foros de representación do terceiro sector que traballan polo desenvolvemento de políticas sociais que afectan aos beneficiarios das accións da Federación e entidades asociadas.

Durante o ano 2017, a Federación Autismo Galicia tratou de fomentar ao máximo a súa presenza de xeito activo nos distintos foros de representación institucional da discapacidade, exclusión social e específicos dos TEA: CERMI Galicia, EAPN Galicia, Asociación Autismo Europa e Confederación Autismo España.

Ademais de reforzar vínculos, participar en reunións de traballo, conferencias, xornadas, etc, se promoveron e avanzaron en propostas de converxencia asociativa. Impulsando a mesma, tanto cara fóra como cara dentro e, despois dun ano no que se definiu a nivel interno que, claramente, a Federación Autismo Galicia representa exclusiva e especificamente ao colectivo de persoas afectadas polos trastornos do espectro do autismo, se consolidaron fortes alianzas entre as entidades asociadas.

Ademais das colaboracións con entidades do terceiro sector, a Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes, mantén unha actividade de representación institucional ante a Administración Pública, Universidades, e calquera outro organismo que se constituía en interlocutor necesario.

A representación institucional se exerce pola Xunta Directiva e Xerencia da Federación, así como, polos responsables de áreas e polas asociacións e **ENTIDADES FEDERADAS.**

CERMI GALICIA



COMITÉ EXECUTIVO CERMI-GALICIA:

Autismo Galicia forma parte do Comité executivo do CERMI-Galicia a través da representación da nosa Presidenta M^a José Álvarez Folgar.

Autismo Galicia forma parte das Comisións permanentes e específicas da mesma, (accesibilidade, educación, muller, servizos sociais, dereitos e saúde.)

EAPN GALICIA



Dende o ano 2015, a Federación Autismo Galicia pasa a formar parte da Xunta Directiva de EAPN-Galicia como Tesoureira, participando nas reunións do Grupo de Traballo, Fondos Estruturais e na Comisión de Comunicación, tanto na preparación de accións como no desenvolvemento das mesmas.

Durante o ano 2017 estivemos presentes no VIII Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva, na Presentación da campaña X-Solidaria.

Así mesmo, asistimos ao III Congreso Estatal de Participación de persoas en situación de pobreza e exclusión social, á Celebración do acto do Día para a Erradicación da Pobreza no Parlamento de Galicia, e participamos no VII Foro de Capacitación sobre Pobreza e Exclusión.

CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA



COMISIÓN DE DIRECTIVOS AUTISMO ESPAÑA



*XORNADA DE DIFUSIÓN,
NOVO MODELO XESTIÓN IRPF*

A Federación Autismo Galicia forma parte da Confederación Autismo España que representa a 77 Asociacións.

Somos membro da Comisión de directivos da Confederación Autismo España, participando na Comisión sobre Accesibilidade Universal, no Grupo de Traballo sobre Emprego e TEA e na Comisión de Comunicación, realizando en conxunto accións específicas como a participación na Xornada sobre o Novo Modelo de xestión do IRPF, o estudo “Envellecemento e TEA: unha etapa invisible”.

Así mesmo participamos na Segunda fase do Programa para a elaboración dun Censo Estatal de persoas con TEA en colaboración coa Universidade Carlos III. E nas campañas de sensibilización con motivo do Día Mundial de Autismo (en adiante DMA) e o Día Internacional da Síndrome de Asperger.

AUTISMO EUROPA



Mantéñese, sobre todo na área de comunicación un fluxo de información permanente que permite dar publicidade e coñecemento ás accións da Federación e entidades federadas a nivel europeo.

UNIVERSIDADES:



Colaboración na investigación sobre TEA do Departamento de Neurociencia da UDC.

A Federación Autismo Galicia é recoñecida como entidade colaboradora da Universidade de Santiago de Compostela.

Convenio de colaboración coa Facultade de Psicoloxía.

Colaboración no estudo sobre “Coparentalidade”. A universidade de Queensland (Australia) e de Bielefeld (Alemania) están a liderar o proxecto International Parenting Survey (IPS), cuxo obxectivo fundamental é coñecer as dificultades que os proxenitores poidan experimentar na crianza dos seus fillos e fillas. Este proxecto estase desenvolvendo en diferentes países a través de convenios coas universidades. España, participa no ISP-Spain a través dos Grupos de Investigación GI-1574 da universidade de Santiago de Compostela e PS1 da Universidade de Vigo.

FUNDACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

Fundación Barrié

Participación nos Programas Formativos de Fundación Barrié e accións de apoio e asesoramento para a mellora da xestión da entidade.



Apoio para a realización de accións de formación e mellora da atención ás persoas con TEA dende a Administración local.

FUNDACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL



Participación na elaboración dunha investigación sobre o uso de APPs por persoas con discapacidade.



Participación no Programa de ocio accesible promovido pola Fundación Emalcsa e o Concello de A Coruña.



Convenio de colaboración coa Fundación Nortempo para a inserción sociolaboral de persoas con TEA.

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

A Federación Autismo Galicia estrutúrase como a entidade marco en Galicia de referencia na defensa dos dereitos e intereses das persoas con TEA, así como do asesoramento técnico neste eido perante a Administración Autonómica.

A Federación Autismo Galicia forma parte das seguintes estruturas.

- Consello Asesor de Pacientes (Consellería de Sanidade). Durante o ano 2017 podemos salientar as seguintes accións:
- Participación nas reunións do Consello Asesor de pacientes.
- Participación no Proxecto Código 100 de solucións innovadoras con proposta específica na Liña de empoderamento do paciente.
- Membros do Grupo de Traballo sobre Humanización.
- Consello Galego de Acción Voluntaria (Consellería de Política Social).

Durante este ano véñense producindo diversos encontros con responsables técnicos e políticos nas distintas áreas que afectan á atención das persoas con autismo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Interlocución co Conselleiro de Política Social para o plantexamento das demandas do colectivo

Interlocución coa Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Interlocución coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Interlocución co Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para o planteamento das demandas do colectivo

Interlocución co Secretario Xeral de Política Lingüística en relación á labor de promoción do galego como lingua vehicular nas comunicacións da federación nas súas publicacións científicas.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

Reunión para a presentación e abordaxe do Programa de Mellora da atención sanitaria ao paciente con TEA e o establecemento de novas liñas de colaboración.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Reunión coa Secretaría Xeral de Emprego e a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, para o plantexamento de demandas do colectivo: a difícil empregabilidade das persoas con TEA se non se conta con medidas de apoio específicas e as dificultades para as nosas entidades sobre os trámites das convocatorias públicas para a promoción do emprego e formación.

Reunión co Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, para o tratamento sobre as medidas específicas de apoio ás entidades da discapacidade e convocatorias da consellería.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Interlocución para o deseño de medidas de adaptación de probas de acceso ao emprego público ás persoas con TEA.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Unha das liñas xa iniciadas en anos anteriores, centrouse en establecer vías de coordinación para o apoio e asesoramento aos Concellos galegos en relación ao asesoramento para a mellora das súas políticas sociais vinculadas á atención de persoas con TEA. Este ano, reforzáronse os esforzos da Federación Autismo Galicia neste senso.

- Concello de Baiona: reunión coa Concelleira de Benestar Social e o Concelleiro de Servizos Sociais.
- Concello de Malpica: reunión coa Concelleira de Servizos Sociais e equipo técnico.
- Concello de Monforte: Reunión coa Concelleira de Servizos Sociais e discapacidade.
- Concello de Ponteareas: Reunión co Concelleiro de Deportes.
- Concello de Muros: Reunión coa Alcaldesa.
- Concello de Mondariz: Reunión co Alcalde e Concelleira de Servizos Sociais.
- Concello de Burela: Reunión coa Segunda Tenente de Alcalde.

ÁREA DE COMUNICACIÓN



PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL PROGRAMA DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Un dos obxectivos fundamentais do departamento de Comunicación é a visibilización e normalización do colectivo dos TEA, conscientes de que a sociedade ten que coñecer e ter en conta as distintas realidades que conviven nela. A través de distintas campañas pretendemos fomentar a inclusión, a tolerancia e o respecto, poñendo o acento nas capacidades e desexos das persoas con TEA e non nas súas dificultades.

DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO 2017

NO DÍA 2 DE ABRIL, DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO, DESENVOLVÉRONSE AS SEGUINTE ACTUACIÓNS

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN “ROMPAMOS XUNTOS BARREIRAS POLO AUTISMO”

Autismo Galicia, conxuntamente coa Confederación Autismo España e en coordinación con Autismo Europa, promoveu a campaña de concienciación “Rompamos xuntos barreiras polo autismo. Fagamos unha sociedade accesible” para celebrar o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.

O obxectivo é que se coñezan as barreiras ás que se enfrontan as persoas con TEA xa que iso permitirá unha mellor adaptación ás súas necesidades e reforzará a inclusión do colectivo en tódolos ámbitos da sociedade.



CAMPAÑA “ILUMÍNALO DE AZUL”

Ata 23 edificios de Galicia ilumináronse de azul co obxectivo de amosar a súa solidariedade co colectivo de persoas con TEA e as súas familias. Dende o Pazo de Raxoi, sede do concello de Santiago e as Torres Hejdkuk da Cidade da Cultura, ata a monumental Virxe da Rocha de Baiona luciron de azul. Autismo Galicia lougrou tamén e por primeira vez que varios concellos se sumaran á iniciativa: Baiona, Gondomar, Cambados, Bembrive, Nigrán, Burela e Pontearreas.

DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO 2017



Torres Hejduk, Santiago de Compostela

MESA INFORMATIVA EN HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

Con motivo da celebración do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, a Federación Autismo Galicia levou a cabo no Hospital Clínico de Santiago unha Mesa Informativa na que participou o director de Procesos Asistenciáis da EOXI de Santiago, Antonio Álvarez, a subdirectora de Calidade e Atención ao Paciente da EOXI, Estrella López-Pardo e a subdirectora Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), Beatriz Pais Iglesias, Dende a Federación Autismo Galicia (FAG), a xerente Patricia Blanco e a responsable de Sanidade, Teresa G. Barcala.



CAMPAÑA EN AUTOBUSES METROPOLITANOS DE SANTIAGO



Autismo Galicia colocou 40 carteis noutros tantos autobuses da liña metropolitana de Santiago de Compostela. A acción estendeuse ao longo dunha semana. Duración: do 1 ao 9 de abril 2017

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NO DÍA MUNDIAL DA DISCAPACIDADE

#RETRATEA. MIRADAS SEN FILTROS

Autismo Galicia aposta polo coñecemento como o gran aliado da inclusión, por iso quixemos que a sociedade coñeza as capacidades das persoas con autismo e que sexan valorados polo seu traballo. Con este motivo, levamos a cabo a campaña #retraTEA no Día Mundial da Discapacidade 2017 no que os usuarios das entidades, despois de realizar un Taller de Fotografía, son os que realizan retratos a personalidades galegas.

Un dos obxectivos fundamentais é rachar cos prexuízos sociais amosando a capacidade de levar a cabo un traballo e expresarse a través del. Rexistrando unha alta repercusión mediática ao contar coa participación de rostros coñecidos, tales como literatos, científicos, deportistas olímpicos, arquitectos... Este traballo plasmouse no Calendario 2018. Tamén se valora a creación dunha exposición itinerante coas obras e dun Making OF.

Editáronse 2.000 calendarios



EXPOSICIÓN 'CAPACITARTE. UNHA OLLA EN POSITIVO'

A Federación Autismo Galicia participou na exposición temporal e conxunta das entidades membro do CERMI-Galicia cunha escolla do Calendario 2017. Concretamente, coa portada que protagoniza Adriana Cervantes Lamas, da Fundación Menedra, e que forma parte da campaña 'Persoas con Fortalezas' xunto con catro fotografías máis que representan o espírito da entidade. Participan ademais, FAGAL, ASPACE, AUTISMO GALICIA, DOWN GALICIA, FADEMGA, FEAPS, FAXPGA, FEGADACE, COGAMI, FEFES e a ONCE.



PROGRAMAS SOLIDARIOS

CONCERTO SOLIDARIO DA REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia celebrou o 20 de outubro ás 18:30 horas, no Auditorio de Galicia, un concerto para axudar a visibilizar o autismo, e o traballo desenvolvido pola Federación Autismo Galicia. Este acto enmarcouse dentro do proxecto RFG Solidaria que a Real Filharmonía de Galicia puxo en marcha ao final da tempada pasada en apoio das ONG que traballan a favor da infancia. O concerto foi dirixido polo titular da agrupación, o mestre británico Paul Daniel con obras de G. Friedrich Haendel e de Beethoven (1770-1827). Estivo especialmente dirixido a nenos, mozos e familias e nel participaron familias de persoas con TEA.



GRADA SOLIDARIA

Invitados polo Río Natura Monbus, usuarios da Federación Autismo Galicia asistiron o 21 de abril a un partido do equipo compostelán.



GIVINGTUESDAY: 'UN DÍA PARA DAR'

“Comprendo e decido” é a campaña coa que Autismo Galicia participou no #GivingTuesday, unha iniciativa solidaria global que fomenta a cultura da colaboración a través de donacións a distintas causas sociais.

Baixo o título “Comprendo e decide” explicámoslle á sociedade a necesidade que teñen as persoas con autismo de comprender a información do entorno para poder decidir e participar activamente e en igualdade de condicións en tódolos aspectos da vida. Con este fin, contamos coa colaboración dun grupo de alumnos do CEE Aspanaes Ferrol, que se animaron a ser os protagonistas dun vídeo. Nel, contan a importancia que ten entender a información para poder decidir. Finalmente facemos un chamamento a tódalas persoas: “Comprende e actúe” mediante un vídeo no que participaron 10 alumnos do CEE de Ferrol.



PROGRAMA DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN

A través de internet se orienta, forma e asesora e publícase información sobre as actividades que se desenvolven na Federación Autismo Galicia e nas súas entidades. A presenza na rede semella fundamental para a visibilidade do colectivo.

A través dos medios de comunicación tradicionais e dixitais, Autismo Galicia leva a cabo unha importante acción de difusión tratando de sensibilizar sobre a nosa realidade. A Federación Autismo Galicia desexa seguir sendo fonte fidedigna de información e de consulta para os medios de comunicación, para as nosas entidades, para as familias e para a sociedade civil. A páxina web é actualizada constantemente destacando o crecemento de visitas ao longo deste ano. Así mesmo estamos presente nas redes sociais, Facebook, Twitter e Youtube. Os impactos contabilizados entre o 1 de xaneiro do 2017 e o 14 de novembro do mesmo ano, demostran un aumento exponencial de audiencia, coa que, ademais, se produce un interesante feedback. No 2017, dímoslle un importante empuxe á rede Twitter, crecendo un 74% con respecto a anterior campaña.



PÁXINA WEB	NÚMERO VISITAS 2017	CRECIMENTO
www.autismogalicia.org	63.994	44%

FACEBOOK	NÚMERO VISITAS 2017	CRECIMENTO
@federacion.autismo.galicia	63.994	44%

TWITTER	NÚMERO SEGUIDORES 2017	CRECIMENTO
@AutismoGalicia	2.007	74%



PROGRAMA DE PUBLICACIÓNS

REVISTA MAREMAGNUM

A Federación AUTISMO GALICIA publica o número XXI da revista científica Maremagnum sobre os Trastornos do Espectro do Autismo. Este número leva por título 'Saúde e Autismo', e nel reflexiónase sobre as necesidades sociosanitarias do colectivo. Os seus oito artigos están elaborados por recoñecidos especialistas relacionados co ámbito do TEA e vertebrados entorno o tema da saúde.

Maremagnum está dirixida polo vicepresidente da Federación Autismo Galicia e director xeral da Fundación Menela D. Cripriano L. Jiménez. Publícase nunha edición bilingüe debido á súa gran repercusión entre centros, entidades e profesionais do resto de España e Iberoamérica.

Maremagnum XXI conta con 193 páxinas editadas en formato libro e cunha tiraxe de 500 exemplares. Tamén se pode acceder a ela a través de internet, na páxina web de Autismo Galicia e a través la liña Issuu, que permite a visualización de forma máis atractiva e dinámica. Maremagnum entra a formar parte, desta forma, dunha biblioteca dixital mundial, coa posibilidade de que os usuarios a atopen fácilmente, poidan compartila, opinar sobre ela e mesmo descargala.



Revista: MAREMAGNUM / **Nº:** XXI. Ano 2017 / **Exemplares:** 500 exemplares
Páxina. 193 páxinas

Director: Cipriano Luis Jiménez Casas

Edición: bilingüe (castelán-galego) **Portada:** Ilustración do pintor noiés Alfonso Costa

A evolución da publicación é importante dende o seu inicio, pasando de ser unha revista destinada exclusivamente a familias, con novas sobre as asociacións e outros temas, a ter un carácter eminentemente científico e formativo que inclúe artigos de persoeiros especializados tanto nos TEA como na discapacidade en xeral, enriquecido, nos últimos anos, coas achegas literarias de persoeiros da cultura galega principalmente, pero tamén nacionais e internacionais. Isto fai de MAREMAGNUM, unha publicación de referencia para o sector da discapacidade e un produto altamente cualificado e aceptado.

PRESENTACIÓN DA REVISTA MAREMAGNUM NA XORNADA DE SAÚDE

A Xornada de Saúde, organizada conxuntamente coa Fundación Menela, tivo lugar o 5 de outubro entre as 9.30 a 14.00 horas en Afundación de Vigo. Nela déronse cita recoñecidos profesionais do eido para debater sobre 'Saúde e Autismo'. Ademais, presentouse o número XXI da revista MAREMAGNUM que foi presentada polo secretario Xeral de Política Lingüística. O aforo de 100 prazas, e para cuxa asistencia había que inscribirse, completouse a semana anterior á xornada.



O vicepresidente de Autismo Galicia, D. Cipriano J. Casas, o secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, e a directora xerente de Autismo Galicia, Patricia Riveiro, na presentación da Maremagnum na Xornada de Saúde do 5 de outubro en Vigo.

REPERCUSIÓN MEDIÁTICA



ÁREA DE DESENVOLVIMENTO ASOCIATIVO



SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A ENTIDADES PROGRAMA DE FORMACIÓN

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A ENTIDADES

A Federación Autismo Galicia ten o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade. Na federación, converxen os esforzos das trece entidades das que está formada, levando a cabo a súa representación institucional e marcando as estratexias a seguir en canto a súa incidencia política.

Periodicamente, a Federación Autismo Galicia informa ás súas entidades de toda aquela información de relevancia para o colectivo. A federación mantivo informadas puntualmente ás súas entidades da actividade xerada por cada área de traballo da organización, así como doutras novas interesantes para o colectivo de fontes externas: Normativa, Administración e Formación.

Durante este exercicio rexistráronse 300 boletíns informativos, unha media estimada de 5 por semana

O servizo de asesoramento a entidades federadas, apoia o traballo das entidades logrando maior converxencia identitaria e a potenciación das súas actividades. Dende a Federación, estase sempre dispoñible para o asesoramento en investigación, formación, divulgación ou calquera outro tipo de información que repercuta positivamente nas asociacións e, por conseguinte, no colectivo.

Infoasociacións. Convocatorias

Consellería de Economía, Emprego e Industria

ORDE do 30 de decembro de 2016 pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020. [DOGA, nº 13 ,19 xaneiro de 2017](#)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ORDE do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2016/17, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevistas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos. [DOGA, Nº 18 , 26 de xaneiro de 2017](#)

ORDE do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2017, co obxecto de coñecer a lingua dese país. [DOGA, Nº 19, 27 de xaneiro de 2017](#)

PROGRAMA DE FORMACIÓN

O obxectivo do programa é que se adquiren por parte dos profesionais e familias habilidades básicas imprescindibles para mellorar a intervención coa persoa con TEA, nos ámbitos sociais sanitarios e educativos.

PROGRAMA FORMATIVO “ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TEA”:

Programa formativo dirixido a profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con TEA, para que os participantes no curso adquiren recursos e ferramentas para mellorar a atención educativa ao alumnado con TEA.

IMPARTIDO POR: Marlene Horna Castiñeiras.

Constó de tres cursos dende o 25 de marzo ao 11 de novembro, beneficiando a 113 persoas.



CURSO CONTENCIÓN MECÁNICA AVANZADO: AVALIACIÓN E CONTROL EN SITUACIÓNS DE CRISE .



Celebráronse dúas edicións de esta acción formativa :


Unha dirixida a profesionais e familias non federadas e outra dentro do Plan de formación interna

O obxectivo era formar en técnicas de contención mecánica a familias e profesionais como forma de control ante situacións de crise, Para evitar de forma ética e segura poñer en perigo a integridade física da persoa con TEA, ao profesional ou á súa contorna. Os dous cursos tiveron moi boa acollida, Cunha asistencia de 71 persoas.

IMPARTIDOS POR: Mauro Álvarez Alonso

Realizouse nos días 10, 11, 12 de febreiro do 2017, e o 10, 11e 12 de novembro do mesmo ano.

CURSO INTERVENCIÓN EN CONTEXTO NATURAL PARA PERSOAS CON TEA



É de relevancia dar a coñecer ferramentas de intervención no contexto natural a profesionais que traballan con persoas con TEA en idades comprendidas entre os 0 e 21 anos. Optaron a este curso profesionais do ámbito social e sanitario así como familias de persoas con TEA. Asistiron un total de 106 persoas.

IMPARTIDO POR: Laura Escribano

Realizouse o 6 de maio do 2017.

CURSO AUTORREGULACIÓN MEDOS E FOBIAS EN PERSOAS CON TEA



Neste curso tratáronse as causas que motivan ás situacións de medo e fobia nas persoas con TEA e ás súas condutas asociadas como paso previo para o dominio de estratexias de intervención para mellorar as habilidades funcionais da persoa.

Asistiron familias e profesionais do ámbito social e sanitario, (un total de 10 persoas).

Realizouse o 28 de outubro do 2017.

IMPARTIDO POR: Sandra Freire Prudencio e María Llorente Comí.

CURSO VIDA ADULTA EN PERSOAS CON TEA



Neste curso puidemos coñecer as diferentes necesidades que se presentan nas etapas avanzadas da vida das persoas con TEA, e o proceso de envellecemento das mesmas, así como e os apoios que requiren nesta etapa vital.

Favorecendo o coñecemento sobre os modelos de apoio e servizos que precisan as persoas con TEA que envellecen, baseados na promoción da calidade de vida e no goce de dereitos.

Asistiron profesionais do ámbito social e sanitario e familias de persoas con TEA, un total de 87 persoas. O curso realizouse o 28 de outubro de 2017.

IMPARTIDO POR: Agustín Illera



ÁREA DE PROGRAMAS

ÁREA DE ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR

AREA DE SAÚDE

AREA DE EDUCACIÓN

AREA DE EMPREGO

ÁREA 1

ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN A FAMILIAS

A familia da persoa con TEA vai a precisar apoio ao igual que o seu fillo/a ao longo da súa vida. Son os primeiros anos onde este se fai máis evidente, dado o impacto emocional do diagnóstico e das sucesivas fases ás que se vai enfrontar: aspectos terapéuticos, educativos, etc, sen esquecer as fases ás que se enfronta no seu propio seo. En función disto, a programación feita para as familias se realiza sempre de forma consensuada entre os técnicos da Federación e os das Asociación federadas, garantindo un coñecemento profundo das necesidades manifestadas e detectadas a través dos servizos de atención directa que estas prestan.

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A FAMILIAS

Este é un recurso dirixido a atender as consultas de familias que estean relacionadas ou interesadas no TEA. Neste servizo, especificamente, inclúese o proceso de recepción das familias cuxos fillos/as teñen un diagnóstico clínico de TEA ou sospeita do mesmo.

Realízase asesoramento e información sobre os itinerarios para a realización do diagnóstico no caso de non habelo, e a posterior valoración e orientación dentro da rede de servizos das entidades da Federación. Ofrecese tamén información sobre a etapa educativa (becas, solicitude de apoio educativo...) ou sobre servizos, entidades ou programas destinados ás persoas con TEA.

O Servizo préstase directamente dende a Federación, e durante o ano 2017 decídese prestalo tamén a través das nosas entidades nas zonas xeográficas de maior demanda, especialmente en A Coruña, Ferrol, Vigo e Baixo Miño.

BENEFICIARIOS DO SERVIZO: 2.136 PERSOAS FAMILIARES DE PERSOAS CON TEA.

PROGRAMA DE OCIO E RESPIRO FAMILIAR

O desenvolvemento deste programa se orixina na necesidade manifestada polas familias directamente, ou ben a través das súas asociacións, de contar con servizos de apoio complementarios aos que xa prestan estas e que dean cobertura á demanda de servizos adaptados de ocio para os nenos/as con TEA durante o período estival. A modalidade de prestación do servizo fíxose directamente pola Federación Autismo Galicia e tamén por subcontratación coas entidades federadas.

Tivemos unha acción destinada a adultos e outra a nenez

“VERÁN EN ALLARIZ” PROGRAMA DE OCIO PARA PERSOAS ADULTAS CON TEA. Leváronse a cabo 4 sesións entre o 4 e 9 de setembro de 2017, e asisitron 10 persoas.

“ÍMONOS DE CAMPAMENTO” PROGRAMA DE OCIO PARA NENOS/AS CON TEA . O campamento desenvolveuse nos meses de xullo e agosto no centro Fogar María Inmaculada de Bañobre, (Miño, A Coruña) cun total de 20 asistentes.

PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR



As accións realizadas neste programa, consistiu en actividades de respiro familiar que, pola súa metodoloxía de selección de participantes pretendían favorecer ás familias que o precisaban, pero a oferta de respiro supuxo tamén un tempo de beneficio para os seus fillos, que tiveron ocasión de asistir a actividades programadas e especialmente destinadas a fomentar o seu benestar físico e emocional. Por iso, aínda que indirectamente co obxecto do programa, podémolo considerar igualmente beneficiarios do mesmo.

Foron 4 sesións durante o mes de xuño de 2017, beneficiándose 10 familias de adultos con TEA.

PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Para garantir a inclusión social das persoas con TEA e as súas familias, desenvolvemos ao longo do ano 2017 un programa de inclusión específico e adaptado a necesidades reais e en colaboración coas entidades federadas.

O Programa de Inclusión social desenvólvese en dos eidos: por unha banda un programa de promoción de habilidades sociais para a inclusión social con persoas con TEA a través das nosas entidades federadas e, por outra banda, accións de promoción de medidas de adaptación e asesoramento de espazos de interacción social.

As persoas con autismo deben ter pleno dereito no acceso á cultura, ás distraccións, ao tempo libre, ás actividades deportivas e de poder gozalos plenamente.

As persoas con autismo teñen dereito a utilizar e aproveitar tódolos equipamentos, servizos e actividades postos a disposición do resto da comunidade.

O programa de inclusión social desenvolto conta cunha programación de actividades nas que se traballa de xeito individualizado e atendendo ás idades e capacidades para a adquisición de habilidades de desenvolvemento en contextos naturais, tales como: saídas a cafeterías, compras e actividades de ocio en centros comerciais, actividades culturais en espazos públicos, participación en celebracións comunitarias, realización de actividades deportivas e todas aquelas contribuíntes a acadar unha participación plena da actividade comunitaria.

Este programa foi desenvolto en colaboración coas entidades federadas, cun total de 255 beneficiarios.



Autismo Vigo no Museo de Recreación da Batalla de Rande e capacitación en habilidades sociais da Asociación TRASCOS.

PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN ENTORNOS SOCIAIS

Este programa ten como obxectivo mellorar a comprensión da contorna das persoas con TEA, favorecendo a súa autonomía persoal e a súa inclusión social. Procedeuse á adaptación mediante Sistemas Alternativos de Comunicación da sinalética de diversos espazos, principalmente deportivos, educativos, sociais e sanitarios.

Desta maneira, igualmente que contribuímos á mellora da accesibilidade cognitiva dos mesmos, damos visibilidade sobre distintas maneiras de comunicación que facilitarán a comprensión, tanto das persoas con TEA, como de calquera outra que por razóns de enfermidade, idade, etc., poidan presentar dificultades neste ámbito.

PICTOGRAMAS INSTALADOS

- CONCELLO DE PONTEAREAS
- INSTALACIÓNS SOCIAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES
- CONCELLO DE MONDARIZ





ÁREA 2

SAÚDE

PROGRAMA DE MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA ÁS PERSOAS CON TEA

Programa orientado a desenvolver actuacións para sensibilizar, formar, divulgar e facer máis accesible o entorno sanitario ás persoas con TEA e ás súas familias.

Pictogramas ARASAAC		
	CENTRO DE SAÚDE	<p>¿Que son os carteis que atopa polo centro de saúde?</p> <p>Son pictogramas: signos claros e esquemáticos que representan un obxecto real, espazo ou concepto...</p> <p>¿En que beneficia?</p> <p>Axuda a comprender de forma visual e sinxela a información.</p> <p>¿A quen?</p> <p>A todas as persoas e en especial as persoas con dificultades de comunicación.</p>

Federación AUTISMO GALICIA

2. 1. ACCESIBILIDADE COGNITIVA

Durante o exercicio no 2017 a Federación Autismo Galicia continuou desenvolvendo o seu programa "Mas TEA", de mellora na atención ao paciente con TEA. En colaboración coas Xerencias das EOXIS de Santiago de Compostela e A Coruña. Un dos proxectos desenvoltois foi o de "Accesibilidade Cognitiva para os entornos e servizos sanitarios", consistente na adaptación da sinalética dos espazos sanitarios: (hospitais e centros de saúde), así como a descrición de secuencias de anticipación dos procesos de atención a través de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación (pictogramas).

No **Hospital Clínico de Santiago de Compostela (CHUS)** instaláronse **53 pictogramas** durante o ano 2017, dándose continuidade ao proxecto de accesibilidade cognitiva iniciado no ano 2015, coa adaptación da Área de Neuroloxía de Adultos, a Escola Hospitalaria de Pediatría, a Área de Farmacia, e Consultas externas de Saúde Mental.

Tanto no **Hospital Provincial de Conxo** como no **Hospital Gil Casares** da Coruña instaláronse 8 pictogramas en cada un.

Durante o ano 2017 iniciase o proxecto de accesibilidade cognitiva no **Hospital Universitario de Ourense (CHOU)** na Planta de Neuroloxía e no Espazo Materno-Infantil, cun total de 124 pictogramas instalados.

2. 2. ANTICIPACIÓN

Servizo de Neurofisioloxía Hospital Teresa Herrera: Anticipación do proceso de realización dun Electro Encefalograma (EEG), elaborado con pictogramas para que os profesionais que remitan á realización da proba lle poidan facilitar ao paciente dita secuencia e a familia poida traballar con carácter previo a mesma.

Dita secuencia, de forma máis reducida, instalouse na sala de espera da consulta para que se poida seguir reforzando dita anticipación.



2.3. INNOVACIÓN E ASESORAMENTO:

Proposta aceptada á implementación da “Ficha SocioSanitaria”: documento que se aportará polas familias ou asociacións aos profesionais sanitarios. Se recollen na mesma aspectos relacionados co paciente que nada teñen que ver coa clínica pero si coas súas características individuais (comunicación, alteracións sensoriais e recursos cuxo obxectivo é facilitar a consulta a través do coñecemento previo das dificultades que no seu transcurso pode presentar o paciente.

Realizado o asesoramento no “Protocolo de Atención a Pacientes do Espectro do Autismo”: elaborado pola Subdirección de Calidade e Atención ao Paciente da EOXI de Santiago de Compostela para definir a atención a este paciente dentro do entorno do CHUS, reducindo os principais obstáculos que este se atopa.

Realizado o asesoramento para a adaptación de materiais mediante medidas de accesibilidade cognitiva á escola infantil do CHUS.

Realizado o asesoramento sobre organización de espazos e procesos ao servizo de neurofisioloxía do Hospital Teresa Herrera do CHUAC.

2.4. FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN: PÍLDORAS FORMATIVAS

Durante o ano 2017 realizamos accións formativas nos diferentes Centros de Saúde da EOXI de Santiago de Compostela en formato de píldoras formativas baixo o título: “Paciente con TEA, estratexias na consulta”.

Tamén houbo unha acción formativa sobre “Paciente con TEA, estratexias na consulta” para profesionais do Servizo de Xinecoloxía e Subdirección de Calidade e Atención ao paciente.

PROGRAMA DE TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

FORMACIÓN :“APOIO AO PACIENTE CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO: ESTRATEXIAS PARA A MELLORA NA ATENCIÓN SANITARIA”

Celébranse dúas accións formativas no marco do Plan Formativo da Axencia de coñecemento en Saúde (ACIS), co obxectivo de ofrecer estratexias e mellorar as habilidades comunicativas para facilitar unha atención sanitaria axustada ás necesidades dos profesionais sanitarios e adaptada ás demandas das persoas con TEA.

Persoas destinatarias:

Profesionais sanitarios, medicina e enfermería, de áreas de pediatría e médicos de familia.



SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN EN SAÚDE E HUMANIZACIÓN DO SISTEMA SANITARIO.

Durante este ano se impulsaron dende a Área de Saúde da Federación diversas accións encamiñadas a promover e divulgar a necesidade de converter os espazos sanitarios e os seus procesos en máis accesibles para persoas con dificultades de comunicación, a través de medidas enmarcadas no proceso de humanización do sistema.

XORNADA “SAÚDE E AUTISMO”

Celebrada o 5 de outubro de 2017 e organizada pola Fundación Menela e a Federación Autismo Galicia no centro social ABANCA da rúa Policarpo Sanz en Vigo, serviu para a presentación da publicación da revista Maremagnum e afianzamento e divulgación da atención sanitaria con máis valor.

Asistentes: 100 persoas nas que se atopaban profesionais sanitarios, estudantes das ramas socio sanitarias e familias.



DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN A TRAVÉS DE MATERIAIS ELABORADOS.

A Federación Autismo Galicia ten elaborados diversos materiais e documentos que serven para a difusión sobre a temática obxecto desta área de traballo e que facilitan un maior coñecemento pola sociedade en xeral, así como polos profesionais sanitarios en particular.

Durante o ano 2017 seguimos a distribuír as seguintes guías informativas, tanto a través da páxina web www.autismogalicia.org como entregados en centros de saúde e hospitais a profesionais da saúde.

- **MANUAL DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA PARA PERSOAS CON TEA**, comprendo o meu entorno. Federación Autismo Galicia, 2014.
- **PROTOCOLO E DECÁLOGO DE ATENCIÓN SANITARIA AO PACIENTE CON AUTISMO**. Federación Autismo Galicia, 2009.
- **RECOMENDACIÓNS PARA A ATENCIÓN SANITARIA AO PACIENTE CON TEA E TRASTORNOS ASOCIADOS**. Federación Autismo Galicia, 2011.

Tamén fíxose difusión do material divulgativo e formativo:

O tríptico: "SU PRÓXIMO PACIENTE TIENE AUTISMO". Confederación Autismo España.

O tríptico: "COMORBILIDADE NO PACIENTE CON TEA". Federación Autismo Galicia.

PARTICIPACIÓN EN FOROS E ACTOS PARA PROMOVER A DIFUSIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

- VIII CONGRESO DA SOCIEDADE GALEGA DE CALIDADE ASISTENCIAL: CELEBRADO O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2017 NO PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA.
- COMUNICACIÓNS:

EOXI DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.

Proxecto de accesibilidade cognitiva EOXI Santiago de Compostela. Fernández Rodríguez, M^a Ángeles, López-Pardo Pardo, Estrella; Atienza Merino, Gerardo; Caamaño Sambade, Beatriz; Garcia Barcala, Teresa; Couto Pena, Cristina.

EOXI DE A CORUÑA.

“Rompiendo barreras de comunicación en el TEA”, Unidad de Electroencefalografía. Martínez Barjas, Catia María.


- PROMOCIÓN E COLABORACIÓN EN INVESTIGACIÓN, TRABALLOS E APOIO Á PROFESIONAIS:

E-motional training. Complejo Hospitalario de Ourense.

Estudo xenético persoas TEA Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

Procesos mentais implicados na anticipación das persoas con TEA. Facultade Ciencias do Deporte e Educación Física.

Como adaptar materiais para o estudo e espazos para a súa comprensión. Escola Infantil do CHUS.



ÁREA 3

EDUCACIÓN

PROGRAMA DE MELLORA NA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TEA

O sistema educativo galego conta dende marzo de 2017 co primeiro Protocolo para o Alumnado con TEA. O protocolo é unha ferramenta de uso para profesionais do ensino e familias, que establece o camiño que deben seguir para unha atención o máis temperá posible e que axuda a orientar a intervención educativa que se debe realizar por todas as persoas que participan na educación do alumnado con TEA.

No presente ano establecese un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Autismo Galicia nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TEA.

O presente convenio ten por obxecto o asesoramento na atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo escolarizado nos centros docentes dependentes de dita Consellería, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias

As persoas beneficiarias desta colaboración son o alumnado con TEA que recibe apoio da Federación Autismo Galicia e as súas entidades: Trascos, Capaces Lugo, Autismo Vigo e Un máis.



Reunión entre Entidades e a Consellería de Cultura, Participantes do encontro na Cidade da Cultura. Educación e Ordenación Universitaria

XORNADA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA E INCLUSIÓN SOCIAL

Autismo Galicia participou xunto con outras 8 entidades nesta xornada promovida polo Concello de Cee e adicada a Inclusión.

Ao longo da xornada tratáronse temas sobre a inclusión social e educativa e abordáronse as dificultades que teñen as persoas con discapacidade para participar na sociedade, pero tamén das súas capacidades e experiencias a través da voz dos seus usuarios.

Cristina Couto, a psicóloga da Federación Autismo Galicia, falou da situación actual das persoas con TEA e as súas ForTEAlezas, nome da Campaña de sensibilización coa que se pretende romper as barreiras marcadas por estereotipos que impiden ver as capacidades das persoas con autismo.



XORNADA SOCIO-EDUCATIVA AMES

O auditorio da Casa da Cultura de Bertamirás acolleu a primeira xornada formativa sobre o trastorno do espectro autista (TEA), organizada pola Concellaría de Educación e Cultura, na que se abordaron os recursos para a inclusión socioeducativa das persoas que padecen esta doenza. A finalidade desta xornada foi promover a sensibilización e formación dos traballadores das institucións culturais para que poidan facilitar a inclusión social das persoas con TEA nas bibliotecas, nos museos, nos centros educativos e na universidade.

Colaboraron a Deputación da Coruña, as Universidades de Santiago e A Coruña, o Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia, Nova escola Galega, Autismo Galicia, Grupo de Investigación Stellae, Arcea Adames e a Rede de investigación en educación e formación para a cidadanía e a sociedade do coñecemento.

VII XORNADA DOS XEFES E XEFAS DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN (ASESORAMENTO PARA UN PROXECTO INCLUSIVO DE CENTRO)

Desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Rede de Formación, realizouse a xornada para avanzar cara un proxecto inclusivo de Centro, dirixidas ás direccións dos centros educativos e ás xefaturas dos departamentos de orientación.

Un dos obxectivo foi amosar a boa labor que desde diferentes entidades se está a facer cara á atención á diversidade na nosa comunidade. Autismo Galicia participou nunha mesa redonda que levou por título "Redes de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro" dando a coñecer as actuacións que se desenvolven dende a entidade co alumnado escolarizado nos centros educativos da nosa comunidade autónoma.

PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE NAS CONTORNAS EDUCATIVAS

O programa de accesibilidade pretende facilitar a autonomía personal da persoa con TEA mediante a implantación de medidas de accesibilidade cognitiva e axustes razoables nas diferentes contornas nas que se desenvolven os alumnos e alumnas con TEA facilitando así unha mellor comprensión dos espazos e das normas e mellorar a súa autonomía no entorno educativo. O seu obxectivo é a sinalización de espazos, normas nese espazo e proceso para realización dunha acción.

Co obxectivo de mellorar a comprensión da contorna polas persoas con TEA, favorecendo a súa autonomía persoal e a súa inclusión social, se procedeu a adaptación mediante Sistemas Alternativos de Comunicación da sinalética de diversos espazos principalmente: deportivos, educativos, sociais e sanitarios.

Desta maneira, igualmente que contribuímos á mellora da accesibilidade cognitiva dos mesmos damos visibilidade sobre distintas maneiras de comunicación que facilitarán a comprensión, tanto das persoas con TEA, como de calquera outra que por razóns de enfermidade, idade, etc, poidan presentar dificultades nesta ámbito.

En Santiago de Compostela no CEIP Lamas de Abade instaláronse 71 pictogramas,

O concello de Ponteareas decidiu facer a adaptación a sinalética de 7 centros educativos, nos cales se instalaron un total de 699 pictogramas. Son os seguintes: CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, CEIP Nosa Señora dos Remedios, CEIP Santiago de Oliveira, CEIP Feliciano Barrera “Unión de Guláns”, CPR Plurilingüe Inmaculada, CPR Plurilingüe Santiago Apóstol.

En Ames está pendente de adaptar a escola infantil municipal do concello “ Os Pillabáns”, na que se colocarán un total de 24 pictogramas.

No concello de Muros no IES Fontexería instaláronse 190 pictogramas, e **en Mondariz** acordouse iniciar o proxecto de accesibilidade en diferentes entornos sociais e varios centros educativos do Concello de Baiona.



Ceip Fermín Bouza Brey, Ponteareas

ÁREA 4

EMPREGO

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN HABILIDADES PRELABORAIS

O programa de 'Formación Prelaboral e Habilidades da Vida Diaria' posto en marcha por Autismo Galicia e Aspanes Ferrol desenvolveuse dende setembro de 2016 a marzo de logrando que os seus nove participantes adquirisen as habilidades necesarias para o seu acceso ao mundo laboral. Este programa, levado a cabo co apoio da Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, estivo dirixido a persoas maiores de 18 anos con Trastorno do Espectro do Autismo ou necesidades similares. Unha das accións máis importantes que as persoas usuarias do programa levaron a cabo foi a realización de prácticas en empresas da comarca, nas que sempre estiveron acompañados por un preparador laboral. Esta iniciativa resulta de vital importancia para as persoas con TEA debido a que a súa taxa de desemprego a nivel europeo sitúase entre o 76% e 90%..

Ao longo do programa desenvóléronse diferentes programas, tanto teóricos como prácticos, utilizando unha metodoloxía adaptada ás necesidades específicas e individuais dos alumnos.

Programa de Formación Prelaboral e Habilidades na Vida Cotiá

- Obradoiros Formativos ●
- Prácticas en Empresas ●
- Acompañamento Laboral ●

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Mores e Perifoneas con Discapacidade

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE investe no teu futuro

CG
autismogALICIA

Aspanaes
Fondo 1978 do autismo



SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

A Área de Emprego da Federación Autismo Galicia realizou actividades de información e orientación laboral ás persoas con TEA, usuarios das entidades asociadas así como a outras persoas con autismo que acudiron ao servizo, ás súas familias.

Un dos primeiros pasos foi a recopilación da información necesaria para establecer o perfil socioprofesional da persoa e identificar características e necesidades. Acto seguido, levouse a cabo valoracións funcionais referidas ás distintas áreas de desenvolvemento e ámbitos da vida das persoas con TEA, incidindo especialmente nos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten o desenvolvemento dun posto de traballo.

Un paso fundamental foi a realización de entrevistas de orientación nas que se deu a coñecer os diferentes métodos e técnicas que se empregan para a búsqueda de emprego, déronse as claves para a elaboración de carta de presentación e currículo, así como as pautas a seguir no desenvolvemento dunha entrevista de selección. Ademais informouse sobre a oferta de cursos de formación ocupacional.

Tras esta primeira fase, elaborouse o deseño e os itinerarios individuais e personalizados de inserción adecuados aos intereses e motivacións do usuario. Destaca a labor de asesoramento sobre avaliación de competencias e certificados de profesionalidade. Tamén as accións de información a familias e concreción de datos sobre a oferta formativa, tanto pública como privada.

TOTAL BENEFICIARIOS: 54 PERSOAS CON TEA

PROGRAMA DE PROSPECCION LABORAL

Autismo Galicia promoveu a contratación de persoas con autismo no mercado de traballo. Para levar a cabo esta función a entidade está en coordinación e contacto permanente coas empresas coas que se subscriben convenios de colaboración.

CONVENIOS:

- Convenio de Colaboración coa empresa Embalaxes Armando S.L.U (EMBAROX). Asinouse un convenio no ano 2012 e continúa vixente a día de hoxe. 16 persoas con TEA realizan prácticas formativas de emprego con apoio, realizando tarefas inherentes ao posto de operario, centradas na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos.



Embalajes Armando

Convenio de colaboración coa empresa Embalajes Armando para a fabricación das tapas das caixas para o marisco.

- Convenio de colaboración coa Fundación Nortempo (2017), co obxecto de facilitar a inclusión sociolaboral das persoas con TEA da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio pretende promover a entrada no mercado laboral das persoas con TEA nas empresas vencelladas á Fundación Nortempo mediante programas de difusión e concienciación social, colaboración no desenvolvemento de accións formativas, concertación de prácticas e xestión de ofertas de traballo.

A Área de Emprego de Autismo Galicia establece as redes de colaboración e coordinación e os mecanismos de comunicación coa Confederación Autismo España e as entidades asociadas á Federación coa finalidade de intercambiar coñecementos sobre estratexias de inclusión laboral, recursos formativos, capacidades das persoas con TEA no eido laboral, así como compartir experiencias e boas prácticas. Así, participouse no estudo de investigación da Confederación Autismo España sobre emprego e TEA para promover a inclusión laboral.

Tamén se remitiu diariamente ás entidades asociadas á Federación información sobre axudas , subvencións, normativa e lexislación, así como outras noticias de interese en materia de emprego.

Por outra banda, ofreceuse formación para persoas con TEA dirixida a incrementar a súa empregabilidade mediante unha colaboración coa Fundación Menela. Leváronse a cabo programas formativos individuais e grupais para adquirir, desenvolver e manter habilidades sociolaborais e aprendizaxes específicas para a realización de tarefas laborais. Beneficiáronse 52 persoas con TEA.

TOTAL BENEFICIARIOS: 60 PERSOAS CON TEA

FINANCIAMENTO PÚBLICO E PRIVADO

As administracións públicas colaboran no mantemento da Federación Autismo Galicia e no desenvolvemento das súas actividades. Dende Autismo Galicia, réndense contas a cada un dos organismos sobre a utilización destes fondos e a fin á que se destinan.

FONDOS PÚBLICOS



[Convenio de Mantemento 2017 – 155.044€.](#)

Convenio para promover a atención das persoas con TEA e as súas familias en Galicia e para o mantemento da FAG e das súas entidades federadas

[Consellería de Política Social. Dirección Xeral de Maiores 2016/2017 – 19.986,96€.](#)

Desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación para persoas con Discapacidade na comunidade galega



[Subvención Programas de Cooperación 2016 – 17.667€.](#) Autismo Galicia é beneficiaria do Programa de Cooperación, destinado a promover o emprego con fins de interese xeral. Gracias a el, dispón na actualidade dunha traballadora social.



Consellería de Economía, Emprego e Industria. Subvención Axentes de Emprego 2016 – 52.976,16€.

Gracias a esta achega mantense en funcionamento o Servizo de Emprego composto por dúas axentes de emprego especializadas en TEA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Servicio Galego de Saúde 2017 -10.607€. Convenio para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario.

Subvención a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario 2017- 6.936,18 €



Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade

Apoio e descanso para familias e cuidadores 2016 – 11.000 €. Grazas a esta aportación, realízanse actividades de respiro familiar e ocio terapéutico nas que participan persoas con TEA pertencentes ás entidades federadas.

Inserción Sociolaboral para persoas con TEA 2016 – 11.200 €. Con este financiamento realízanse actividades dirixidas a mellorar a empregabilidade das persoas con TEA e contribúe ao funcionamento do servizo de emprego de Autismo Galicia.

Promoción da Autonomía Personal para persoas con TEA 2016 – 14.000 €. A través desta financiación realízanse accións encamiñadas a xerar coñecemento sobre os TEA e promover a sensibilización da sociedade para favorecer a súa inclusión social e a das súas familias.



Deputación da Coruña 2016 – 2.966,17 €. Financiación de actividades dirixidas a mellorar a accesibilidade cognitiva das persoas con TEA en concellos da provincia de A Coruña.



Concello de Santiago. 2016 – 1.409,15€. A través desta axuda realízanse actividades destinadas a mellorar a atención sanitaria ás mulleres con TEA.

FONDOS PRIVADOS

En Autismo Galicia recibimos apoio por parte de entidades privadas dispostas a colaborar no desenvolvemento dos programas da Federación, como poden ser fundacións ou empresas. En curso:



Fundación ONCE 2017 – 3.000€ Adaptación de servizos públicos mediante pictogramas


Este proxecto busca facer accesibles distintos espazos públicos que son utilizado de cotío por persoas con TEA a través da súa sinalización con pictogramas.

DESEMPEÑO ECONÓMICO


INGRESOS 2017



MODELO DE FINANCIACIÓN



PRINCIPÁIS PARTIDAS DE GASTO



BALANCE DE CONTAS

BALANCE DE SITUACION DE PYMESFL DO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2017
Federación Autismo Galicia
(en euros)

Números de contas	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2017	2016
	A) ACTIVO NON CORRENTE		267.017,59 €	280.222,25 €
20,(280),(290)	I. Inmobiliado intanxible	5	71,69 €	522,39 €
24,(299)	II. Bens do Patrimonio Histórico		- €	- €
21,(281),(2831),(291),23	III. Inmobiliado material	5	266.945,90 €	279.699,86 €
22,(282),(2832),(292)	IV. Inversións inmobiliarias		- €	- €
2503,2504,2513,2514,2523, 2524,(2593),(2594),(2933),(2934), (2943),(2944),(2953),(2954)	V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a longo prazo		- €	- €
2505,2515,2525,(2595),260,261,262, 263,264,265,268,(269),27,(2935), (2945),(2955),(296),(297),(298)	VI. Inversións financeiras a longo prazo		- €	- €
474	VII. Activos por Impuesto diferido		- €	- €
	B) ACTIVO CORRENTE		378.746,90 €	206.346,31 €
30,31,32,33,34,35,36,(39),407 447,448,(495)	I. Existencias	6	842,18 €	1.176,80 €
430,431,432,433,434,435,436,(437), (490),(493),440,441,446,449,460, 464,470,471,472,544,558	II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		14.014,89 €	37.820,01 €
5303,5304,5313,5314,5323,5324, 5333,5334,5343,5344,5353,5354, (5393),(5394),5523,5524,(5933), (5934),(5943),(5944),(5953),(5954)	III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	8 - 11.3	335.770,66 €	87.368,09 €
5305,5315,5325, 335,5345,5355, (5395),540,541,542,543,545,546, 547,548,(549),551,5525,5590,565, 566,(5935),(5945),(5955),(596),(597),(598)	IV. Inversións en entidades do grupo e asociadas a curto prazo		- €	- €
480,567	V. Inversións financeiras a curto prazo	8	186,16 €	150,00 €
57	VI. Periodificacións a curto prazo	8	180,62 €	201,57 €
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8	27.752,39 €	79.629,84 €
	TOTAL ACTIVO (A + B)		645.764,49 €	486.568,56 €

Números de contas	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2017	2016
	A) PATRIMONIO NETO		343.343,76 €	340.307,83 €
	A-1) Fondos propios	10	59.869,05 €	42.820,47 €
	I. Dotación fundacional/Fondo social		24.612,04 €	24.612,04 €
100,101 (103),(104)	1. Dotación fundacional/Fondo social		24.612,04 €	24.612,04 €
	2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)		- €	- €
11	II. Reservas		27.148,26 €	27.148,26 €
120,(121)	III. Excedentes de exercicios anteriores		- 8.939,83 €	- 18.330,57 €
129	IV. Excedente del ejercicio	3	17.048,58 €	9.390,74 €
13	A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos	13	283.474,71 €	297.487,36 €
	B) PASIVO NON CORRENTE		- €	- €
14	I. Provisións a longo prazo		- €	- €
1605,17	II. Deudas a largo prazo		- €	- €
1625,174	1. Débedas con entidades de crédito		- €	- €
1615,1635,171,172,173,175,176, 177,179,180,185	2. Acredores por arrendamento financeiro		- €	- €
1603,1604,1613,1614,1623,1624, 1633,1634	3. Outras débedas a longo prazo		- €	- €
479	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo		- €	- €
181	IV. Pasivos por imposto diferido		- €	- €
	V. Periodificacións a longo prazo		- €	- €
	C) PASIVO CORRENTE		302.420,73 €	146.260,73 €
499,529	I. Provisións a curto prazo		- €	- €
5105,520,527	II. Débedas a curto prazo	9	97.897,02 €	116.124,98 €
5125,524	1. Débedas con entidades de crédito.		- €	29.107,33 €
50,5115,5135,5145,521,522,523, 525,528,551,5525,555,5565,5566, 5595,560,561	2. Acredores por arrendamento financeiro.		- €	- €
5103,5104,5113,5114,5123,5124, 5133,5134,5143,5144,5523,5524, 5563,5564	3. Outras débedas a curto prazo.	9 - 13	97.897,02 €	87.017,65 €
412	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo.		- €	- €
400,401,403,404,405,(406)	IV. Beneficiarios-acreedores.	7	- €	- €
410,411,419,438,465,475,476,477 485,568	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	9	204.523,71 €	30.135,75 €
	1. Provedores.		- €	- €
	2. Outros acredores.		204.523,71 €	30.135,75 €
	VI. Periodificacións a curto prazo.		- €	- €
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		645.764,49 €	486.568,56 €

**CONTA DE RESULTADOS DE PYMESFL DO EXERCICIO ANUAL
TERMINADO O 31 DE DICIEMBRE DE 2017
Federación Autismo Galicia
(en euros)**

NÚMEROS DE CONTAS		Nota da memoria	Debe) Haber	
			2017	2016
	A) Excedente do exercicio		17.048,58 €	9.390,74 €
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia.		322.602,95 €	334.287,05 €
720	a) Cotas de asociados e afiliados		3.380,00 €	3.120,00 €
721	b) Aportacións de usuarios		27.367,61 €	18.206,08 €
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións.	12	4.000,00 €	32.897,56 €
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados imputados a resultados do exercicio	13	287.855,34 €	280.063,41 €
728	e) Reintegro de axudas		- €	- €
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		1.346,15 €	1.346,15 €
()	3. Axudas monetarias e outros		- 934,17 €	- 2.332,09 €
(651)	a) Axudas monetarias	12	- €	- €
(653),(654)	b) Axudas non monetarias	12	- €	- 699,42 €
(658)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		- 934,13 €	- 774,82 €
(6930),71*,7930	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	13	- 0,04 €	- 857,85 €
73	4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		- €	- €
(600),(601),(602),606,(607),608,609,61*,(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		- €	- €
740,747,75,778	6. Aprovisionamentos	12	- 41.942,37 €	- 50.826,36 €
(64)	7. Outros ingresos da actividade		0,01 €	170,33 €
(62),(631),(634),636,639,(655),(656),(659),(694),(695),(678),794,7954	8. Gastos de persoal	12	- 202.502,01 €	- 208.491,91 €
(68)	9. Outros gastos da actividade	12	- 59.244,69 €	- 62.270,66 €
745,746	10. Amortización do inmovilizado	5	- 14.584,26 €	- 16.581,81 €
7951,7952,7955	11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio	13	14.012,65 €	15.862,96 €
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770,771,772,790,791,792	12. Excesos de provisiones		- €	- €
	13. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado.		- €	- €
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		18.754,26 €	11.163,66 €
760,761,762,769	14. Ingresos financeiros		3,09 €	- €
(660),(661),(662),(665),(669)	15. Gastos financeiros		- 1.708,77 €	- 1.772,92 €
(663),763	16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		- €	- €
(668),768	17. Diferencias de cambio		- €	- €
(666),(667),(673),(675),(696),(697),(698),(699),766,773,775,796,797,798,799	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros		- €	- €
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)		- 1.705,68 €	- 1.772,92 €
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.2+A.3)		17.048,58 €	9.390,74 €
(6300)*,6301*(,633),638	19. Impostos sobre beneficios	1	- €	- €
	A.4) Variación do patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3+19)		17.048,58 €	9.390,74 €
	B) Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto**		285.199,69 €	269.945,82 €
	1. Subvencións recibidas		285.199,69 €	269.106,52 €
	2. Doazóns e legados recibidos		- €	839,30 €
	3. Outros ingresos e gastos		- €	- €
	4. Efecto impositivo		- €	- €
	B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)		285.199,69 €	269.945,82 €
	C) Reclasificacións ó excedente do exercicio		- 299.212,34 €	- 285.668,90 €
	1. Subvencións recibidas		- 292.674,88 €	- 276.769,68 €
	2. Doazóns e legados recibidos		- 6.53,46 €	- 8.899,22 €
	3. Outros ingresos e gastos		- €	- €
	4. Efecto impositivo		- €	- €
	C.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacións ó excedente do exercicio (1+2+3+4)		- 299.212,34 €	- 285,90 €
	D) Variacións do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto (B.1+C.1) **		- 14.012,65 €	- 15.723,08 €
	E) Axustes por cambios de criterio		- €	- €
	F) Axustes por erros		- €	- €
	G) Variacións na dotación fundacional ou fondo social		- €	- €
	H) Outras variacións		- €	- €
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		3.035,93 €	- 6.332,34 €

* O seu signo pode ser positivo ou negativo

** Para calcular este saldo as entidades deberán identificar os aumentos (ingresos e transferencia de pérdidas) e diminucións (gastos e transferencias de ganancias) no patrimonio neto orixinados polas diferentes operacións contabilizadas no subgrupo 13.

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org





autismoGALICIA

